

COMPARECENCIA DO DIRECTOR XERAL DE RELACIÓNS EXTERIORES E COA UE PARA INFORMAR DO CUMPRIMENTO DO CÓDIGO ÉTICO INSTITUCIONAL

(Criterios básicos para a regulación das viaxes oficiais ao exterior
dos altos cargos da Administración autonómica galega)

Parlamento de Galicia, 26 de decembro de 2019

Señor Presidente, señorías:

Nesta nova comparecencia, que con periodicidade semestral vimos desenvolvendo, quero aproveitar para adiantarlles ao cabo da mesma a próxima entrada na Cámara do proxecto de Lei de Acción Exterior e de Cooperación para o Desenvolvemento. Lembro xa agora que esta iniciativa legal é froito do compromiso adquirido na presentación aquí mesmo da EGAEX.

Pero, antes, como procede en primeira instancia, comezo a miña intervención sintetizando as viaxes oficiais que son obxecto fundamental desta sesión, que neste semestre centráronse na intensificación da cooperación con Portugal, polo que deberei darlles conta singular deste capítulo. Mais, como é costume, principiarei coas viaxes exteriores que atinxen ao **Presidente da Xunta**.

PRESIDENCIA DA XUNTA DE GALICIA

O Presidente da Xunta visitou Varsovia xunto co Conselleiro de Economía, Emprego e Industria e comigo mesmo, entre o 8 e o 9 de setembro, para participar no Cumio sobre a Diplomacia rexional e económica, e máis no Seminario “GALICIA: INVERSIÓN, TALENTO E INNOVACIÓN”. Acompañouno un grupo de 18

empresarios galegos, de sectores como o agroalimentario, o conserveiro, o da automoción e o das infraestruturas. Así mesmo, o Presidente reuniuse co viceministro de Emprendemento e Tecnoloxía de Polonia.

Entre o 15 e o 21 setembro estivo na Arxentina, acompañado pola Conselleira do Mar e polo Secretario Xeral de Emigración. Alí realizou visitas a diferentes portos e a empresas galegas do sector pesqueiro, como Puerto Madryn, Rawson e Puerto Deseado, e mantivo reunións con autoridades locais e diversos encontros coa colectividade galega. Igualmente desenvolveu actividades culturais, entre as que salienta a visita á exposición de José Solla no Museo de Arte Contemporáneo de Mar de Plata, como clausura exposición do Xacobeo. Finalmente tivo unha reunión de traballo co daquela Presidente Mauricio Macri.

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMÓNS. PÚBLICAS E XUSTIZA

O Vicepresidente e Conselleiro da Presidencia, AA.PP. e Xustiza estivo en Bruxelas, entre o 7 e o 8 de outubro, para manter unha xuntanza de traballo co director xeral de Política Rexional da Comisión Europea.

2

O propósito foi avaliar o estado das negociacións do vindeiro Marco Financeiro Plurianual e a súa posible incidencia en Galicia. Debemos ter en conta que a Unión está a negociar na actualidade o seu orzamento plurianual para os anos 2021-2027, comezando polo que corresponde aos ingresos, orzamento cifrado aproximadamente nun billón de euros, que suporía o 2% do gasto público total da UE.

A saída do Reino Unido da UE e as novas prioridades políticas europeas, como a inmigración ou a defensa común, fan temer un descenso orzamentario das dúas políticas tradicionais, que acaparan case dous terzos deste orzamento: a política agrícola común e a política de cohesión. Lembremos que Galicia ten recibido

máis de 20.000 millóns de euros procedentes desta última política desde o ingreso de España nas Comunidades Europeas en 1986.

O Vicepresidente tamén inaugurou o Seminario: “*A futura política de cohesión: como afrontar os desafíos globais e a necesidade de reformas estruturais*”. Nel instou a priorizar as actuacións dos fondos en cada territorio, debido á posible redución orzamentaria, e explicou que a Axenda 2030 de Desenvolvemento Sostible e o proceso de coordinación das políticas económicas dos 27 Estados membros –o chamado “Semestre Europeo”- son dous marcos cos que se debería contar para planificar a execución dos futuros fondos comunitarios.

Asemade, o Vicepresidente viaxou a Braga o 17 de xullo, co gallo da Sinatura do Convenio *Semana Verde-Invest Braga*. Galicia e Portugal continúan a senda da cooperación no eido das feiras multisectoriais, coa sinatura deste convenio de colaboración entre Altice Forum Braga e a Fundación Semana Verde de Galicia, convenio polo cal ambas as dúas Feiras colaborarán na procura de iniciativas e oportunidades.

3

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

A Conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, acompañada polo Director da Axencia Galega de Infraestruturas, viaxou a Oporto o 7 de outubro para manter un encontro de traballo co vicepresidente da empresa pública Infraestruturas de Portugal, coa alcaldesa de Salvaterra do Miño e co presidente da Cámara Municipal de Monçao.

Nese encontro acordouse impulsar conxuntamente a renovación estrutural da ponte internacional que une Salvaterra de Miño e a localidade lusa de Monçao, e a súa posterior ampliación para habilitar un carril bici. A Xunta e o Goberno luso fixaron unha folla de ruta para acometer a necesaria mellora da ponte, que o vindeiro ano cumprirá o seu 25 aniversario, e que rexistra cada día

o paso de 9.000 vehículos. Acordouse pois a tramitación dun convenio entre o Goberno galego e Infraestruturas de Portugal, para acometer as obras de reforma estrutural da ponte por importe de case 700.000 €, que financiarán ao 50% ambas as dúas administracións. Paralelamente, comezará a traballarse na redacción do proxecto construtivo.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

O Conselleiro de Economía, Emprego e Industria, ademais de acompañar ao Presidente na súa viaxe a Polonia, tamén asistiu o 9 de outubro ao primeiro Cumio sobre mobilidade autónoma, celebrado en Bruxelas. Trátase do primeiro evento organizado polo Comité Europeo das Rexións para analizar e debater o futuro e tendencias na mobilidade, no que Galicia ten moito que dicir polas respostas que ofrece aos novos retos do sector.

O 16 de outubro achegouse co Directora de GAIN a Oporto, co gallo de asistir á Bienal do deseño -*Design Biennale*-, encontro internacional centrado no valor cultural e empresarial do deseño, onde reivindicou o valor do deseño galego como clave da competitividade empresarial e puxo en valor o Programa de Deseño para a Innovación 2020, pioneiro en España.

4

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL

A Conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional viaxou entre o 6 e o 13 de xullo aos Estados Unidos¹, a fin de presentar a experiencia galega na introdución do modelo de enriquecemento curricular SEM, de desenvolvemento do talento e a creatividade no sistema educativo de Galicia.

CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO

¹ Storrs, CT; Cambridge, MA; New York, NY.

O Conselleiro de Cultura e Turismo asistiu a Lorient entre o 2 e o 5 de agosto, acompañado polo Secretario Xeral de Política Lingüística e polo Director do AGADIC para asistir ao homónimo festival intercéltico, que este ano foi dedicado a Galicia. Aproveitou para inaugurar unha exposición -*Galicia a la Maison de l'Agglomération*- e unha mouteira do Camiño de Santiago.

Entre o 28 e o 30 de outubro viaxou a Cracovia para colocar unha mouteira do Camiño de Santiago baixo a ventá papal de Xoán Pablo II, e asistiu á recepción oficial no Concello de Cracovia xunto con autoridades eclesiásticas e civís polacas. Aproveitou para participar no Encontro sobre o Camiño de Santiago no Instituto Cervantes de Cracovia, no marco da promoción do Xacobeo 21, coa presentación da exposición “*O Camiño de Santiago. Unha experiencia contemporánea de peregrinación*”. Asemade se presentaron dous libros bilingües galego–bretón.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

A Conselleira de Política Social, acompañada do seu Director Xeral de área, viaxou o 6 de decembro a Bruxelas para asistiren á cerimonia de entrega dos Premios Europeos de Servizos Sociais, organizados pola Rede Social Europea. No acto, celebrado no Comité Europeo das Rexións, Galicia foi galardoada polo programa “*Nelson Mandela*”, que facilita a reinserción laboral da poboación reclusa da cárcere de Teixeiro, e que proximamente tamén se aplicará ao centro da Lama.

A Rede Social Europea (*European Social Network*) galardoou o éxito do programa “*Nelson Mandela*” como práctica colaborativa, xa que conta coa participación de Institucións Penitenciarias do Estado, que facilita o módulo onde se desenvolve o programa, e das administracións locais, que fan o seguimento social dos ex-reclusos unha vez saen do centro penitenciario. A candidatura de Galicia impúxose a outras catro: á do concello de Hafnarfjörour, en Islandia; á do consello de servizos sociais de Irlanda do Norte; á da

entidade escocesa *Action for Children* e á do *Social Care Wales*, do País de Gales.

CONSELLERÍA DO MAR

A Conselleira do Mar estivo do 13 ao 15 de outubro no Consello de Ministros sectorial en Luxemburgo. Asemade viaxou a Bruxelas por asuntos relacionados coas súas responsabilidades o 28 e 29 de novembro -Reunión con Bernhard Friess (DG Mare)-; o 10 e 11 de decembro - presentación video *By the Sea: Galicia*, realidade do mar e das súas xentes-; e do 15 ao 18 de decembro - Consello de Ministros da UE-, co gallo da nova atribución de cotas pesqueiras, que como recoñeceu publicamente o Ministro español culminou cun acordo satisfactorio para a nosa flota.

Entre o 12 e o 14 de novembro a Conselleira asistiu en Turquía ao Acto de inicio do proxecto *twinning UE-Turquía* en materia de Organización de Produtores de Pesca e Acuicultura, e dende alí enlazou o mesmo 14 de novembro coa Sesión Extraordinaria sobre o Brexit da Comisión Arco Atlántico, celebrada en Oporto.

6DDXX

Pasando xa ás viaxes oficiais de directores xerais e asimilados, debo dar conta dos seguintes desprazamentos:

DDXX DA PRESIDENCIA DA XUNTA DE GALICIA

O Secretario Xeral de Emigración, ademais de acompañar ao Presidente da Xunta na súa visita a Arxentina, viaxou tamén a Cuba, Brasil, Alemaña, Liechtenstein e Venezuela para atender as obrigas que son propias do seu departamento.

DDXX DA VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, AA.PP. E XUSTIZA

O Director Xeral de Emerxencias e mailo Xerente da AXEGA estiveron en Viana do Castelo o 28 de novembro para participar na inauguración da Xornada FIRE CAMP (Proxecto Europeo ARIEM+). Trátase dun seminario bianual sobre os incendios forestais e o cambio climático, e que se enmarca nas actuacións do proxecto ARIEM+ liderado pola Xunta. A través deste proxecto, colaboramos con Portugal e con Castela e León en materia de emerxencias e riscos transfronteirizos, en torno á prevención e xestión de riscos naturais relacionados co clima e coas actividades humanas. No marco deste programa que da continuidade ao ARIEM 112, a Xunta e os seus socios traballan na xestión conxunta dos recursos humanos e materiais en situacións de risco para mellorar a atención e a coordinación das emerxencias dun e doutro lado da fronteira, xunto coa identificación dos riscos da zona e a posta en marcha dun plan de actuación contra eles.

O Xerente da AXEGA tamén estivo en Viana do Castelo o 5 de novembro, para se reunir cos responsables do Comando Distrital de operacións de socorro deste territorio da Autoridade Nacional de Protección Civil e representantes do IPCA (Escola Superior de Tecnoloxía). Na reunión abordáronse problemáticas comúns do norte de Portugal e Galicia relativas a protección civil e emerxencias, como a falla de medios eficaces de traslado de información, a falla de ferramentas integradas para aglutinar a información e poder ser máis eficaces na toma de decisións. Responsables do IPCA aportaron posibles solución, baseándose en aplicativos de tratamento de datos que utilicen intelixencia artificial.

O mesmo Xerente estivo o 23 de novembro na sede da GNR de Oporto. O motivo foi a Reunión do Comité asesor do Proxecto *Ariem Plus* e realizar unha visita de coñecemento, contacto e estudo aos órganos nacionais de protección civil (Centro de Coordinación do INEM, 112 de Oporto e Centro de coordinación en Oporto da Autoridade Nacional de Protección Civil).

DDXX DA CONSELLERÍA DE FACENDA

O Director Xeral de Planificación e Orzamentos viaxou a Bruxelas o 7 e 8 de outubro para participar nun Seminario sobre Política da Cohesión, co gallo da semana Europea das Rexións e das Cidades.

DDXX DA CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

O Director Xeral de Mobilidade estivo en Bruxelas o 19 de novembro para asistir ao XIV Fórum do Corredor Atlántico, pertencente á rede de transporte transeuropea (rede TEN-T), co obxectivo de participar nos foros de debate sobre a próxima modificación do Regulamento UE 1316/2013, polo que se crea o mecanismo “*Conectar Europa*”, que apoia proxectos de interese común da UE sobre infraestruturas nos ámbitos do transporte, as telecomunicacións e a enerxía. Alí subliñouse a necesidade de que o Goberno de España presente o antes posible proxectos competitivos para modernizar a rede de mercadorías do noroeste con fondos europeos.

8

DDXX DA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

O Director Xeral Orientación e Promoción Laboral estivo en Valençá o 3 de decembro, para asistir á reunión ordinaria do Comité Directivo de EURES Transfronteirizo Galicia-Norte de Portugal, na que se avaliaron os obxectivos e prioridades para o impulso do emprego na Eurorexión durante o período 2020-2021, concretamente o resultado preliminar da execución do Plan de Actividades EURES-T do 2019 e máis o traspaso en xaneiro de 2020 da xestión de EURES-T Galicia-Norte de Portugal, da Xunta de Galicia para o Instituto de Emprego e Formación Profesional.

O Director Xeral do IGAPE estivo en Bruxelas entre o 8 e 9 de outubro, na Semana Europea das Rexións e das Cidades (EWRC). Alí tratouse a necesidade dunha transición enerxética xusta para Galicia e a posibilidade de optar a fondos europeos para iso.

Logo entre o 2 e o 7 de novembro desprazouse a Xangai, en Misión Comercial a China, acompañando a empresas do sector agroalimentario que participaron na segunda edición de *China International Import-Expo*, a principal feira de importacións do mundo.

O 22 de novembro e o 9 de decembro estivo en Porto, participando na Subcomisión Sectorial de desenvolvemento económico da Eurorexión, onde se analizou o desenvolvemento de medidas coordinadas para o impulso da industria intelixente, innovadora e sostible, que permita a mellora da competitividade do tecido produtivo conxunto.

Pola súa banda, a directora de GAIN igualmente estivo en Bruxelas entre o 8 e o 9 de novembro, na Semana Europea das Rexións, e participou nun taller sobre como os Hubs de Innovación Dixital (DIH) poden apoiar ás Pemes no acceso ás tecnoloxías dixitais para afrontar a nova revolución industrial e presentou a Estratexia Galega de Hubs de Innovación Dixital.

9

Logo, entre o 26 e o 28 de novembro viaxou a Medellín, con motivo do II Foro Iberoamericano de Compra Pública Innovadora (CPI) e Innovación Aberta. Trátase dun evento de referencia en España e Latinoamérica que permitirá avanzar nunha relación estable entre ambas rexións no impulso da CPI. Alí, a Directora de GAIN inaugurou o foro poñendo en valor a experiencia de Galicia neste eido, sendo a Comunidade líder e pioneira na implantación deste sistema novidoso de contratación pública. Asemade presentou a *Civil UAVs Initiative*, iniciativa para impulsar o desenvolvemento do Polo Aeroespacial de Galicia en Rozas, e tamén a aceleradora especializada no sector aeroespacial –BFAero–.

DDXX DA CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO

O Secretario Xeral de Política Lingüística viaxou a Bruxelas entre o 6 e o 7 de novembro para asistir á Conferencia da Rede de

Promoción da diversidade lingüística -*Network to Promote Linguistic Diversity*-. A rede europea das linguas minoritarias celebra periodicamente reunións en Bruxelas para expoñer as boas prácticas levadas a cabo nas distintas comunidade con lingua propia. Nesta xuntanza, unha das experiencias que se puxeron como exemplo foi a campaña “21 días co galego”, que presentou o Secretario Xeral.

O Director Xeral de Políticas Culturais estivo en Braga o 6 de xullo, para a inauguración da exposición “*Vía Iacobitana: Os Camiños de Santiago en Galicia*” (Xacobeo - Xogos Eixo Atlántico).

Pola súa banda, a Directora de Turismosaíu cara ao Reino Unido, Estados Unidos, Portugal, Italia, Francia e Irlanda por asuntos relacionados coas tarefas ordinarias de promoción turística que ten encomendadas.

DDXX DA CONSELLERÍA DE SANIDADE

O Secretario Xeral Técnico da Consellería de Sanidade estivo en Polonia o 9 e 10 de setembro para participar nunha xuntanza sobre novas tecnoloxías sanitarias; e o Director Xeral de Saúde Pública foi a Lisboa o 11 e 12 de xullo, para asistir a unha reunión entre a Axencia Española de Seguridade Alimentaria e Nutrición (AESAN) e a homóloga Axencia portuguesa (ASAE), para tratar do etiquetado e comercio de bivalvos vivos.

DDXX DA CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

O Director Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias foi o 10 de outubro a Aguiar da Beira para visitar unha planta de residuos gandeiros, e o 21 de novembro novamente a Portugal, en concreto a Santarem, para participar na xuntanza hispano-lusa de sanidade animal e vexetal.

DDXX DA CONSELLERÍA DO MAR

A Presidenta de Portos de Galicia viaxou a París do 6 ao 8 de decembro para realizar accións promocionais no Salón Náutico de París.

A Directora Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica foi a Colonia entre o 6 e o 9 de outubro para asistir á Feira ANUGA.

A Directora do INTECMAR foi a Matosinhos entre o 15 e o 17 de outubro, á Reunión de resultados do proxecto *Alertoxnet* (Interreg Atlantic Area). E logo a Bruxelas, o 24 e 25 de novembro, como experta do Grupo de Hixiene Alimentaria e de Control de Alimentos de Orixe Animal e no Grupo de Traballo sobre Hixiene dos Moluscos Bivalvos (DG SANTE).

A Directora do CETMAR viaxou a Perú entre o 23 de novembro e o 1 de decembro en visita institucional e técnica do proxecto ACUIPESCA.

A Directora Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro viaxou a Bruxelas do 2 ao 4 de decembro, por mor da Conferencia FARNET sobre acción local *-Post 2020: Local Action in a changing world-*, organizada pola DG MARE, na que participan os grupos de acción local e na que se expoñen os proxectos apoiados polos denominados *Grupos de Desenvolvemento Local impulsados pola comunidade -CLLD, Community-led local development-*.

Para concluír este capítulo, no que respecta á Dirección Xeral da miña directa responsabilidade, ademais das viaxes usuais que atenden a convocatorias oficiais do Comité Europeo das Rexións e por conta do mesmo, así como as vencelladas ás miñas obrigas consubstanciais á dirección da Fundación Galicia-Europa, debo salientar a viaxe do 27 de outubro a Londres, para asistir aos actos de conmemoración do 50 aniversario do Centro Galego da capital británica, onde tiven a oportunidade de manter conversas sobre as inquiredanzas que xera o Brexit entre os galegos residentes no Reino Unido.

>&&&<

Non podo rematar sen darlles cumprida conta do estado de tramitación do noso anteproxecto de *Lei de Acción Exterior e de Cooperación para o Desenvolvemento*, que está á espera dos últimos informes internos da administración autonómica, pero que xa dispón dos informes preceptivos do Consello Galego de Acción Exterior (CAEX) e do Consello Galego de Cooperación para o Desenvolvemento (CONGACODE). Mais tamén, o que non resulta menos importante, dispomos xa do parecer positivo sobre o devandito anteproxecto por parte do Ministerio de Asuntos Exteriores, Unión Europea e Cooperación (MAEUEC).

Como ben saben, o borrador inicial foi sometido ao trámite de información pública, tanto na fase de arranque como cando se culminou a primeira versión do borrador, que xa foi repartido daquela entre os integrantes do CAEX para que puideran estudalo con detemento abondo.

Neste Consello –CAEX– o anteproxecto foi informado favorablemente sen ningún voto en contra, agás dúas abstencións. No que concerne ao informe do CONGACODE, este foi unánimemente favorable.

Unha especial consideración merece para nós o esforzo realizado polas autoridades e polo persoal técnico do MAEUEC.

Daquela, logo desta detallada exposición, fico ao seu dispor para debater sobre os asuntos que estimen pertinentes e axeitados dentro do formato e ámbito desta comparecencia.

Moitas grazas.